

PLAN ANUAL DE LECTURA

CEP SABARÍS.

CURSO 2022-2023.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
1. OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN.	3
2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA	6
3. DINAMIZACIÓN DA BE. SECCIÓNS.	7
4. RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES NA HORA DE BIBLIOTECA E NA HORA DE LER.	8
5. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA.	9
6. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS	10
7. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.	14
8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.	15

INTRODUCCIÓN

A lectura é sen dúbida, unha destreza básica que se aprende e que o alumnado debe dominar para comprender e interpretar axeitadamente o mundo que lles rodea; por iso é importante fomentala dende idades temperás para que a lectura lles pareza o máis gratificante posible.

No CEP Sabarís entendemos por Plan Lector tódalas estratexias pedagóxicas que nos axudan a promover, organizar e orientar a práctica lectora do noso alumnado. Polo tanto, vai ser obxectivo prioritario no noso centro o fomento da lectura no noso alumnado e a súa utilización como instrumento de información, formación, ocio e diversión.

1. **OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN**

En relación coa xestión técnica.

- Realizar o tratamento técnico de fondos (expurgo, selección, organización, catalogación, forrado de libros...)
- Aumentar fondos documentais en diferentes soportes, materias adaptados así como material bibliográfico para o fomento da igualdade, inclusión e respecto pola diversidade. Promocionarase o libro en galego.
- Renovar subscricións a publicacións periódicas e facer novas.
- Crear pictogramas para identificar os fondos nos diferentes andeis.
- Contribuír á compensación de desigualdades sociais.
- Modificar a CDU para facela máis sinxela e comprensible para o alumando.
- Reorganizar o espazo para facela máis inclusiva, accesible e esteticamente atractiva.
- Crear unha guía de usuarios e darlle difusión.
- Crear novos recantos: de xogo, de ciencias, novidades...
- Creación de marcadores individuais para colocar no lugar do libro que están consultando e saber así onde teñen que colocalo de novo.
- Elaborar horarios para alumnado e profesorado.
- Recantos temáticos con selección de fondos apropiados e decoración segundo celebracións, así como recanto coas novidades editoriais.
- Organización do recanto de lectura para adultos

- Continuar colaborando coa Biblioteca Pública de Baiona, o centro Juan María, o noso centro adscrito (EEI O Areal) e o centro de maiores, así como co Concello en todas aquelas actividades que se propoñan.
- Coordinarse cos demais equipos do centro.
- Sesións de formación de usuarios: actividades para a diferenciación de espazos dentro da BE, de localización da sección, búsqueda de libros segundo a CDU e coidado e respecto polo material.
- Voluntariado entre o alumando de 5º e 6º: préstamos, ordenación de fondos, forrado de libros...
- Continuar abrindo a biblioteca pola tarde os luns, mércores, xoves e venres de 16:00 a 17:00hs.
- Reorganizar os apartados da páxina web e actualizar o contido. Empregala para dar difusión das actividades que se levan a cabo.
- Solicitar novamente o programa "Radio na biblio".
- Atender ás peticións da caixa de suxestións.

En relación co fomento da lectura.

- Conseguir que a biblioteca sexa eixo dinamizador dos proxectos que se desenvolverán no centro.
- Organizar contacontos entre o alumando.
- Reanudar o clube de lectura para os cursos de 5º e 6º de primaria.
- Realizar recomendacións lectoras para os períodos vacacionais.
- Realizar concursos literarios.
- Dar a coñecer ao novo alumnado ao Tentalibros, mascota da biblio, quen continuará dinamizando e promovendo as actividades propostas.
- Continuar co programa escolar da nosa radio "Radio Ladeira".
- Tratarase de convidar a algún persoeiro, escritor ou escritora, historiador ou historiadora, contacontos, músico...
- Dar a coñecer a vida e obra dalgún escritor ou escritora galega relevantes.
- Levar a cabo actividades co centro adscrito, como por exemplo apadriñamentos lectores así como co centro de día próximo ao cole

- Promocionar o recanto de lectura de familias.
- Continuar coa Hora de Ler.
- Reanudar as mochilas viaxeiras.
- Organizar excursións, saídas e visitas que apoiem o desenvolvemento do proxecto.
- Convidar ás familias como contadoras de contos ou experiencias.

En relación coa educación para a competencia en información e outras.

- Promover a educación documental (educar ao noso alumnado no acceso á información e no seu tratamento –desenvolvendo habilidades para a utilización das fontes de información: efectuando pequenos traballos de investigación, ensinándolles o acceso a Internet como un novo mundo de posibilidades de información cultural...).
- Contribuír á alfabetización múltiple, á integración curricular e ao desenvolvemento das competencias básicas.
- Facer uso dos diferentes recursos tecnolóxicos presentes na biblioteca: ordenadores con conexión á rede, croma, cámara de fotos e vídeo, escáner e impresora.
- Aumentar estes recursos: robots, tablets, caixón de luz, impresora 3D...
- Acudir á biblioteca para buscar información para o desenvolvemento do proxecto, analízala e traballar sobre ela en diferentes soportes.
- Velar pola inclusividade de toda a Comunidade Educativa.
- Facer da biblioteca escolar un recurso para a innovación pedagóxica que revitalice as prácticas educativas e a vida cultural do centro.
- Facer da biblioteca un lugar atractivo que motive á lectura.
- Afeccionar ao alumnado á lectura e promover o gusto polos libros –como instrumento de diversión, aventura, comunicación e búsqueda de información- a través de textos de calidade que esperten a súa curiosidade, que sexan suxerentes, que promovan o debate e que os fagan gozar.
- Optimizar o uso da páxina web como un espazo para a difusión das actividades que se levan a cabo e como medio de información útil para as familias sobre recursos de todo tipo que brinda a nosa escola así como tamén outros organismos e entidades: concello, espazo lectura, bibliotecas e librarías próximas, etc.

2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

Neste curso 2022/23 tentarase seguir mellorando o **espazo** da biblioteca:

- Seleccionando e mercando novos fondos e material.
- Farase expurgo.
- Reorganizarase o espazo para que sexa máis accesible e con máis espazo para a lectura informal atendendo tamén a criterios estéticos para que resulte un lugar acolledor e motivador.
- Reubicaranse os fondos atendendo a criterios de accesibilidade.
- Crearanse novos recunchos de biblioteca ao longo do colexio optimizando o recurso dos amplos corredores.
- Reorganizarase a CDU para que sexa máis clara para o alumnado.
- Crearase un recanto para ciencias e outro para exposicións temporais.
- Daráselle un pulo á zona de novidades.
- Seguirá funcionando a actividade préstamo para familias no espazo adicado para tal fin.
- Continuaranse usando os e-books e buscaranse novos títulos.
- Seguirase coa subscrición ao xornal “O Papagaio” e comezaremos novas subscricións.
- Ampliarase o número de libros con pictogramas para favorecer a integración.
- Continuarase a promover a xa boa relación coa biblioteca local de Baiona creando lectores novos e solicitando libros de consulta que poidan ir interesando ao longo do curso, así como tamén coa biblioteca do centro adscrito, a EEI O Areal.

En canto á organización do **tempo**, organizarase o horario de adicación á biblioteca das mestras do equipo. Este curso tan só a coordinadora conta cunha hora e 40 minutos á semana para adicar á biblio. O resto de integrantes do equipo non teñen asignación horaria para a biblioteca.

Organizarase o horario para que cada grupo poida, cando menos, acudir á biblioteca unha hora á semana para realizar o préstamo e outras actividades.

Estableceranse as quendas de voluntariado de biblioteca entre o alumnado de 5º e 6º.

A biblioteca estará aberta as tardes do luns, mércores, xoves e venres de 16:00 a 17:00 horas, e estará atendida polo profesorado de garda.

Na “**Hora de ler**” está implicado todo o profesorado do centro. Serán 20 minutos diarios despois do recreo.

3. **DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR . SECCIÓNS**

Na biblioteca centralízase todo o material informativo que pode empregarse para os traballos escolares e para o fomento da lectura (libros, revistas, xornais, vídeos, DVDs, CD-ROM, mapas, fotografías, diapositivas, material de produción propia...) aínda que a biblioteca realiza préstamos temporais ás aulas en función das necesidades do profesorado na súa práctica pedagóxica facendo así a biblioteca máis accesible, cercana e práctica. A este respecto hai que dicir que no noso centro funcionan varias seccións da Biblioteca Central :

- As bibliotecas de aula. Consideramos imprescindible a súa existencia (o estreito e continuado contacto cos libros é fundamental para introducir o hábito da lectura e o aprecio polos libros dende os primeiros anos).
- A sección pedagóxico-didáctica da Sala do profesorado e das aulas específicas.
- A sección de clásicos ou recuncho de clásicos situado no corredor da primeira planta.
- A sección das familias situada na entrada do centro.
- A sección de libros iguais para lectura colectiva na hora de ler situado no corredor do primeiro andar.
- Recuncho seleccionado xunto ás aulas de 1º e 2º cun material máis específico para este alumnado.

A biblioteca acolle, organiza, facilita e difunde, entre os diversos sectores da comunidade escolar, os fondos existentes.

Presta diversos servizos:

- Lectura na biblioteca, información, orientacións e materiais para a documentación (nas horas de clase acompañados da titora, e polas tardes o persoal encargado da garda da biblioteca).
- Acceso ás novas tecnoloxías e a toda a información dixitalizada.
- Biblioxogo, recuncho onde se atopan xogos creativos, de coñecemento, de construción e habilidade.

4. RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES NA HORA DA BIBLIOTECA E NA HORA DE LER

- **Actividades na hora de biblioteca.**

Cada titoría ten establecida unha hora semanal para o préstamo: o alumnado baixará á biblioteca e realizará o préstamo supervisados pola mestra encargada.

Preténdese, dentro das actividades de formación de usuarios, que algúns alumnos e alumnas de 5º e 6º (alumnado voluntario) coñezan a CDU e o funcionamento básico da biblioteca e o sistema de préstamos,

O alumnado de 1º e 2º disfrutará dun contacontos que lles servirá para coñecer as distintas seccións que compoñen a nosa Biblioteca. Tamén se pretende que todo o profesorado saiba realizar préstamos co programa Meiga.

Existirá outra hora semanal onde as titoras poderán dispor das instalacións da biblioteca para realizar traballos de consulta, actividades de novas tecnoloxías, procura de información dixital, actividades multimedia, lectura dixital...

- **Hora de ler.**

Este curso 2022/23 continuarase cunha sesión diaria de 20 minutos despois do recreo para a lectura denominada "Hora de Ler". Preténdese que cada ciclo archive os materiais utilizados nesta hora, tanto impresos como dixitais, para ir recompilando nunha carpeta todos estes recursos. Realizarase un banco de materiais en tódolos formatos.

- **Actividades de lectura compartida (apadriñamentos lectores, lectura en parella...)**

Este curso levaranse a cabo apadriñamentos lectores co alumnado do centro adscrito.

- **Actividades para a implicación das familias.**

Procurarase a implicación das familias, valéndonos da páxina web da escola, por medio de vídeos, fotografías, recomendacións lectoras, convidándoos á escola como contadoras de contos ou outras experiencias saí como escoitando as súas suxestións e propostas.

- **Empréstito de fondos semanais.**

No mes de Outubro comezará o empréstito de fondos. O alumnado pode levar para a casa dous fondos e un de lectura para a hora de ler no centro.

5. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

- **O alumnado.**

Darredor do alumnado xiran a maioría das propostas e actividades. O alumnado de 5º e 6º colaborarán de xeito voluntario na xestión da mesma.

- **As familias.**

Teñen un importante papel na motivación, no desenvolvemento e na consolidación de hábitos lectores. Seguirase convidando ás familias ao centro para contar contos ou compartir experiencias, etc.

- **O equipo de Biblioteca.**

Os membros do equipo da biblioteca para este curso 2022-23 son:

- ✓ M.^a Gema Novo García. Titora de 2º e Coordinadora da biblioteca.
- ✓ María Luísa Alborés. Mestra de Música e Directora.
- ✓ Dulce María Pampillón Rial. Mestra de inglés.
- ✓ Emérita Rodríguez Flórez. Titora de 4º .

Tentarase xestionar e dinamizar eficazmente os fondos existentes e dalos a coñecer á comunidade educativa.

- **O claustro.**

Proporcionarán as estratexias precisas para a adquisición das competencias lingüísticas, para aprender a aprender, motivarán para a lectura e a escritura, propoñendo actividades diarias. Ademais colaborarán e participarán, como axente motivador, nas diferentes propostas que se fagan dende a biblioteca ao longo do curso e atenderán ao alumnado durante a hora de ler dinamizando este tempo de lectura con diferentes recursos e estratexias motivadoras.

- **Outros.**

Este curso tentarase convidar a algún escritor ou escritora, músico ou música ou ilustrador, ilustradora. Procuraremos que sexa durante a semana do libro. Tentaremos tamén acudir a diferentes actuacións teatrais, contacontos ou concertos que xurdan ao longo do curso.

6. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

6.1. PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS, programas de formación de usuarios, campañas de lectura.

Este curso, o **proxecto documental integrado** que se levará a cabo en todos os niveis e que partirá dende a biblioteca, xira entorno ao 50 aniversario do CEP Sabarís e leva por título **“QUE DIS?...50 ANOS NO CEP SABARÍS”** . Aproveitarase a ocasión para coñecer e reflexionar sobre os cambios na educación e outros aspectos ao longo deste medio século.

Polo día das bibliotecas escolares, en outubro, será o Tentalibros, mascota da biblio quen convoque ao alumando á biblioteca para dar a coñecer o proxecto de centro para o curso así como tamén dará a coñecer a guía de usuarios (normas, uso do marcador, adaptación da CDU, ubicación de fondos...)

En canto ás **campañas de lectura**, farase unha guía de lectura por niveis. O alumnado terá que incluír nas súas cartas aos Reis Magos o libro correspondente. Á volta do Nadal traerán o libro ao centro porque se traballará con el durante os seguintes trimestres. Sacarase o máximo partido posible a esta lectura, traballando co texto, coñecendo ao escritor ou escritora, así como ao ilustrador ou ilustradora. Procurarase conseguir que algún destes persoeiros nos visiten ao longo do curso.

Daranse a coñecer as últimas adquisicións da biblioteca no recanto de novidades así como tamén na páxina web do centro no apartado de biblioteca.

6.2. ACTIVIDADES PUNTUAIS: obradoiros, exposicións, concursos, encontros con autores, celebracións.

	1º TRIMESTRE
SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Programación e organización. • Redacción do Plan Anual de Lectura. • Expurgar fondos deteriorados ou desfasados. • Reorganizar, colocar e dispoñer axeitadamente os espazos da biblioteca. Crear novos espazos (recanto de xogos de ciencia e de novidades) e dispoñer de xeito máis estético e accesible. • Nova adaptación da CDU para facela máis sinxela de entender ao alumnado. • Elaboración de pictogramas para sinalar os diferentes fondos nos andeis, facéndoa así máis inclusiva. • Reorganización do recanto de lectura para adultos. • Deseño dos horarios de visita á biblioteca para cada grupo. • Asignar, ao novo alumnado, número de lector. • Crear unha guía de usuarios en formato dixital para o alumnado. • Organizar o voluntariado de 5º e 6º. • Reunións co claustro para ir perfilando as actividades que se levarán a cabo dende a biblioteca. • Restruturación do apartado de biblioteca na páxina web. Actualización e dinamización da mesma.
OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Apertura de biblioteca pola tarde. • Comezar coas emisións de “Radio Ladeira”. • Formación de usuarios. • Creación de marcadores para o novo alumnado. • Decoración da biblioteca conforme ao proxecto. • Creación do recanto para a temática do proxecto. • Búsqueda de fondos na biblioteca que poidan ser útiles para o desenvolvemento do proxecto.

	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de novos fondos que poidan ser de interese para o desenvolvemento do mesmo. • Comezar co empréstimo un día á semana todos os grupos. • Día das Bibliotecas escolares. Farase unha presentación dos cambios realizados na biblioteca e do vídeo conmemorativo do 50 Aniversario. Tamén se dará a coñecer a unha guía básica para usuarios en formato presentación dixital. • Poñer en marcha as mochilas viaxeiras. • Dar a coñecer a Tentalibros, a mascota da biblio ao novo alumnado. • Comunicación con Tentalibros mediante un sobre colocado para o efecto na porta de cada aula. • Samaín na biblioteca: Decoración e selección de fondos sobre a temática. Contacontos, Scape Room e merenda terrorífica a cargo da ANPA.
NOVEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Magosto. Como tódolos anos, confeccionarase un distintivo para levar á festa do Magosto que teña que ver co tema anual elexido. • 25 N: Contra a violencia de xénero. Selección de fondos axeitados e exposición nos corredores. Decoración e elaboración de frases alentadoras. • Novembro: mes da ciencia na biblio. Creación dun recanto con libros sobre ciencias e de mulleres relevantes neste eido. Experimentos na biblio.
DECEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Día da discapacidade. Colaboración co centro Juan María nas actividades propostas. Lectura de contos e visionado de cortos sobre a temática na hora de ler. • Nadal. Realizarase unha postal para felicitar ás familias. Recomendarase un libro por nivel para que merque o alumnado no Nadal.

	2º TRIMESTRE
XANEIRO	<ul style="list-style-type: none"> • Reanudar clube de lectura para 5º e 6º. • A paz na biblioteca: Decoración e selección de fondos sobre a temática, mural decorativo con desexos de paz. Elaboración dun cromograma entre todo o alumnado cantando xuntos unha cantiga ao mesmo tempo que se signa.
FEBREIRO	<ul style="list-style-type: none"> • 11 F: Día das nenas e as mulleres nas ciencias. Selección de fondos e de biografías de mulleres relevantes para estudar a coñecer nos diferentes niveis. • Día dos namorados. • Día da ilustración. Coñecemento de Castelao. Concurso de debuxo da mascota da biblio. • Día de Rosalía de Castro. Selección de fondos, elaboración de murais colectivos e outras actividades que se propoñan para o coñecemento da súa persoa e obra. • Entroido: Decoración e selección de fondos sobre estas temáticas. Cada titoría elaborará disfraces relacionados coa temática do proxecto.
MARZO	<ul style="list-style-type: none"> • 8 M: Día da muller traballadora. • 13 M: Día da radio. Emisión dun programa especial. • Semana da prensa. Traballarase co xornal documentándonos sobre o tema do curso. • Día da Poesía. Programaranse actividades motivadoras e lúdicas sobre a poesía ou a visita dalgún poeta.
	3º TRIMESTRE
ABRIL	<ul style="list-style-type: none"> • Semana do Libro. Apadriñamentos lectores co alumnado do noso centro adscrito. Decoración e selección de fondos. Procurarase algunha sesión de animación como contacontos ou visita de autores para esta semana ou familias contadoras de contos. • Elaboración de marcapáxinas e outras actividades.
MAIO	<ul style="list-style-type: none"> • Semana das Letras Galegas na biblioteca: Decoración e selección de fondos sobre esta temática. Efectuaranse traballos de investigación sobre o autor ao que está dedicado o Día das Letras Galegas.

	<ul style="list-style-type: none"> • Festival Letras Galegas. Algúns grupos aproveitarán a ocasión para presentar o produto final do traballo de todo o curso neste festival ao que asisten as familias e todo o alumnado e profesorado do centro.
XUÑO	<ul style="list-style-type: none"> • Avaliación e redacción da memoria. • Visita de persoeiros (autores, ilustradoras ou ilustradores, músicos...) • Xestión de empréstimo de fondos para o verán.

6.3. RECURSOS E MATERIAIS

Para o desenvolvemento das actividades farase uso de todos os materiais e recursos precisos, tanto humanos como materiais.

Os recursos humanos xa foron descritos anteriormente.

Os materiais, tales como:

- Fondos bibliográficos e audiovisuais.
- Recanto de TICs con ordenador, e acceso a internet.
- Selección de xogos e material creativo manipulativo.
- Libro electrónico.

7. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.

Actualmente contamos cunha ANPA moi colaboradora que non só participa nas actividades que se lle propoñen, se non que en ocasións son eles quen nos fan propostas. Sempre son ben recibidas e as actividades propostas acadan bos resultados.

As familias colaboran contando contos en diferentes celebracións, organizan actividades como Scape Room, visitas a exposicións, sorteos de libros, intercambios de libros usados, etc.

As familias poden facer recomendacións lectoras, tanto infantís, como para adultos, que procuraremos mercar e ter na biblioteca. Na entrada da biblio contamos cunha caixa de suxestións.

Na entrada do centro as familias teñen un recanto de lectura para adultos.

Ao longo do curso informarase, dende a Biblioteca, de todas aquelas actividades de fomento da lectura que teñan lugar na localidade ou preto da mesma (Salón do Libro, Espazo Lectura, Biblioteca de Baiona, etc.) e ás que poden asistir en familia. Farase mediante a páxina web do centro no apartado de biblioteca.

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Farase un seguimento do funcionamento da biblioteca, primeiramente falando o equipo da biblioteca sobre o que funciona ben e o que tería que mellorar. escoitaranse as propostas do resto do profesorado, así como das familias e o alumnado durante o desenvolvemento do curso. Tamén se terán en conta as aportacións que se fagan dende a páxina web e na caixa de suxestións.

Valoraranse aspectos como:

- Melloras ao longo do curso na competencia lingüística do alumnado.
- Participación nas diferentes actividades e propostas feitas ao longo do curso.
- Adquisición de hábitos lectores.
- As actividades propiamente ditas.
- Implicación das familias.
- Grao de utilización dos recursos da biblioteca escolar e de aula.
- Empréstitos realizados ao alumnado e ás aulas.
- Incremento dos fondos e difusión entre os membros da comunidade escolar.
- Satisfacción do alumnado, do profesorado e das familias, así como nivel de motivación.
- Grao de cumprimento dos obxectivos do Plan Anual.

Tendo en conta todas as aportacións, elaborárase unha memoria onde se recolla o resultado do traballo e as propostas de mellora.

O equipo de biblioteca.

CEP Sabarís.

Setembro 2022.